

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 20 de febreiro de 2018 polo que se fai pública a resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción do alargamento e mellora da PO-230, punto quilométrico 12+630-14+430, coa clave PO/16/109.10.

Con data do 19 de febreiro de 2018, a Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Orde do 4 de febreiro de 2013, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de febreiro), visto o informe da análise das alegacións, resolveu o seguinte:

«Antecedentes de feito.

Primeiro. Con data do 27 de novembro de 2017 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* núm. 225 o Anuncio do 13 de novembro de 2017 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción do alargamento e mellora da PO-230, p.q. 12+630-14+430, coa clave PO/16/109.10, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Segundo. Durante todo o trámite de información pública presentáronse certificados e informes, e procedese á súa valoración.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Segundo. Que, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se someteu a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

CVE-DOG: vxobm3v5-v642-euv5-4j54-x5zoi0sap9h4



De acordo con todo o exposto, e tras os certificados e informes presentados polos organismos oficiais competentes,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción do alargamento e mellora da PO-230, p.q. 12+630-14+430, coa clave PO/16/109.10, mantendo o trazado proposto como definitivo.

Segundo. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Cerdedo deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no cal se establecerán as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo que determine este último e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ou ben recurso potestativo de reposición, ante a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas».

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: vxobm3v5-v642-euv5-4j54-x5zoi0sap9h4

